



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP) PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PERITO INDEPENDENTE PARA VALORACIÓN DE PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN PRESENTADOS AO ABEIRO DAS ORDES DE CONVOCATORIA PUBLICADAS DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP), APROBADAS AOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP) NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA 2021-2027**

**NÚMERO DE EXPEDIENTE: GALP1-F-007/2023**

**Contido do documento:**

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)**

1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS
2. OBXECTO DO CONTRATO
3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
  - 3.1. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN UNITARIO
4. DETERMINACIÓN DO PREZO
5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE
  - 5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA
  - 5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL
6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS
7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS
8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN
9. EXECUCIÓN DO CONTRATO
10. PUBLICIDADE
11. ANEXOS
  - 11.1. ANEXO I- Datos do licitador
  - 11.2. ANEXO II- Declaración Responsable
  - 11.3. ANEXO III- Declaración xurada
  - 11.4. ANEXO IV- Modelo de oferta económica

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP)**

1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN
2. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR
3. ESPECIFICACIÓN E ALCANCE DO SERVIZO A DESENVOLVER.
4. FUNCIÓNS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO
5. PRAZO E EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN





## PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

### 1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

<b>Entidade de contratación</b>	<b>Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) A Mariña-Ortegal</b> <b>CIF: G27386192</b>		
<b>Obtención de documentación e información</b>	<b>Enderezo:</b> Rúa Misericordia, Nº 35, Baixo, 27850 Viveiro (Lugo) <b>Teléfonos:</b> 982 56 33 55 / 604 03 47 48 <b>Correo electrónico:</b> <a href="mailto:galp.mar.marinaortegal@xunta.gal">galp.mar.marinaortegal@xunta.gal</a> <b>Sitio web do contratante:</b> <a href="https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions">https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions</a>		
<b>Órgano de contratación</b>	Presidencia do GALP A Mariña-Ortegal		
<b>Responsable do contrato</b>	Verónica Díaz Guerreiro, Técnico do GALP A Mariña-Ortegal		
<b>Referencia do expediente</b>	GALP1-F- 007/2023		
<b>Obxecto do contrato</b>	Prestación do <b>Servizo de de perito independente para valoración de proxectos de construción</b> presentados ao abeiro das ordes de convocatoria publicadas das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027		
<b>Tipo de contrato</b>	Contrato de Servizos		
<b>Tramitación</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Ordinaria <input type="checkbox"/> Urgente		
<b>Procedemento</b> (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: <a href="https://galp.xunta.gal/normativa">https://galp.xunta.gal/normativa</a> )	<input type="checkbox"/> Procedemento I, para a adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP. <input checked="" type="checkbox"/> Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimado. <input type="checkbox"/> Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.		
<b>Contrato suxeito a regulación harmonizada</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<b>Subdivisión en lotes</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non



<b>Admisión de prórroga</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<b>Revisión de prezos</b>	<input type="checkbox"/> Si, segundo a modificación do contrato prevista no PCAP <input checked="" type="checkbox"/> Non procede
<b>Admisión de variantes e/ou melloras</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<b>Admisión de subcontratación</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
<b>Criterios de adxudicación</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Prezo <input type="checkbox"/> Multicriterio		
<b>Orzamento base de licitación</b>	25.894,00 (Ive incluído)		
<b>Prazo de execución</b>	Dende o mes de outubro de 2023 ata o 31 de decembro de 2026.		
<b>Prórroga</b>	Non se admite prórroga do contrato.		
<b>Financiamento</b>	Esta contratación está financiada nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), segundo o Convenio de colaboración asinado polo GALP A Mariña-Ortegal coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para a aplicación da EDLP no marco do FEMPA 2021-2027.		

## 2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é prestación do servizo de perito independente para valoración previa e de obra, de proxectos de construción presentados ao abeiro das ordes de convocatoria publicadas das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027 do GALP A Mariña-Ortegal como asociación sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).



### 3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O orzamento base de licitación para o servizo requirido ascende a un total de **25.894,00.-€** (IVE incluído), correspondente a unha base impositiva de 21.400.-€ e 4.494,00.-€ de IVE (21%).

Dito orzamento, está estimado en base a un número máximo de proxectos por anualidade, diferenciando entre os proxectos que requiren valoración previa (fase de solicitude) , nos cales se considera un máximo de 64 proxectos e aqueles que requiren valoración final da obra (fase de xustificación) dos cales se considera un máximo de 75 proxectos.

Para elo, diferenciamos o seguinte:

#### 3.1. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN UNITARIO

##### INFORMES PREVIOS (FASE SOLICITUDE):

<b>Orzamento de licitación unitario</b>	Importe base de licitación unitario	100,00.-€
	IVE (21%)	21,00.-€
	Importe total de licitación	121,00.-€

##### INFORMES FINAIS (FASE XUSTIFICACIÓN):

<b>Orzamento de licitación unitario</b>	Importe base de licitación unitario	200,00.-€
	IVE (21%)	42,00.-€
	Importe total de licitación unitario	242,00.-€

##### REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

A estimación máxima de proxectos por anualidade é a seguinte:

##### ANO 2023:

Informes previos (fase solicitude): 10 proxectos





Informes parciais e/ou finais (fase xustificación): ningún proxecto

**ANO 2024:**

Informes previos (fase solicitude): 18 proxectos

Informes parciais e/ou finais (fase xustificación): 25 proxectos

**ANO 2025:**

Informes previos (fase solicitude): 18 proxectos

Informes parciais e/ou finais (fase xustificación): 25 proxectos

**ANO 2026:**

Informes previos (fase solicitude): 18 proxectos

Informes parciais e/ou finais (fase xustificación): 25 proxectos

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN					
ANUALIDADES	2023	2024	2025	2026	Total base de licitación
<b>Orzamento (Sen Ive)</b>	1000,00.-€	6.800,00.-€	6.800,00.-€	6.800,00.-€	<b>21.400,00.-€</b>
<b>Ive</b>	210,00.-€	1.428,00.-€	1.428,00.-€	1.428,00.-€	<b>4.494,00.-€</b>
<b>Orzamento (Con Ive)</b>	1210,00.-€	8.228,00.-€	8.228,00.-€	8.228,00.-€	<b>25.894,00.-€</b>

**4. DETERMINACIÓN DO PREZO**

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de servizos, e o coste de dito servizo que supón a outros Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia de dimensións e características similares ao GALP A Mariña-Ortegal

O sistema de determinación do prezo é por precio unitario por informe, debendo a entidade licitadora indicar na súa oferta o importe unitario.

**5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE**





Os licitadores deberán presentar declaración responsable asinada de que contan compren cos requisitos e contan coa capacidade, solvencia económica e técnica esixida para a presente contratación.

A empresa licitadora deberá presentar a documentación que acredite ditos extremos (SOBRE A) , con carácter xeral:

- a) Personalidade e capacidade de obrar: escritura de constitución e de modificación.
- b) Xustificación do obxecto social: Estatutos.
- c) Representación: acreditación da representación.
- d) Dni do representante e CIF da empresa
- e) Alta no imposto de actividades económicas
- f) Xustificantes de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social.
- g) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar que reclame o órgano de contratación.

#### 5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA.

A solvencia económica e financeira acreditarase polos seguintes medios:

**Volume anual de negocios**, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por importe igual ou superior ao esixido como requisito mínimo de solvencia.

##### **Requisito mínimo de solvencia:**

Volume anual de negocios da persoa ou entidade licitante por un importe igual ou superior a o valor estimado do contrato: 21.400,00 (IVE excluído), no ano de maior volume de negocio dos tres últimos exercicios concluídos.

##### **Acreditación:**

Volume Anual de negocios: A través da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade licitante estivese inscrita no devandito rexistro e, en caso contrario, polas contas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Aquelas persoas licitantes non inscritas no rexistro, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

No caso de persoas ou entidades licitantes cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesarios presentar a cifra de negocios do período de actividades da





persoa ou entidade licitante, que deberá ser superior en todo caso á contía referida anteriormente, por ano ou fracción de ano acreditado.

## 5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A solvencia técnica ou profesional acreditarase polo seguinte medio:

### **Requisitos:**

O equipo mínimo que deberán destinar a empresa adjudicataria á prestación do servizo deberá garantir a correcta execución do contrato, debendo ser de, como mínimo, 5 profesionais, un arquitecto, 2 inxeñeiros e 2 apareladores. Pode admitirse un equipo onde algunha persoa cumpra varias das funcións especificadas.

### **Acreditación:**

O equipo mínimo co perfil indicado acreditarase coa presentación do Informe de traballadores en alta (ITA) da empresa e/ou contratos de traballo que vinculen ós profesionais coa persoa entidade licitante, así como aportando o xustificante da Certificación do Colexio de apareladores técnicos e industriais xunto co informe de plantilla da empresa.

## 6. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS

Neste procedemento non se terán en conta criterios avaliados mediante xuízo de valor.

Para a valoración das ofertas atenderase aos seguintes criterios, avaliados de forma automática mediante fórmula, sendo unicamente a oferta económica: o prezo, o criterio a avaliar.

### **Oferta Económica: Prezo**

Darase a máxima puntuación (100 puntos) á oferta económica admitida de prezo máis baixo. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_i = P_M \times OB / O_i$$

$P_i$  = Puntuación da oferta a valorar

$P_M$  = Puntuación máxima do criterio

$OB$  = Oferta máis baixa das presentadas (sen IVE)

$O_i$  = Oferta a valorar (sen IVE)

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adjudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:





- Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
- Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

***A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polas persoas ou entidades licitantes no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo***

## 7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas, xunto coa documentación preceptiva, presentárase atendendo ás seguintes especificacións:

<p><b>Lugar de presentación</b></p>	<p>As propostas deberán ser remitidas por <b>correo postal certificado</b> ao GALP A Mariña-Ortegal , no enderezo: Rúa Misericordia, Nº 35, Baixo, 27850, Viveiro (Lugo), sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación dentro do prazo de presentación das ofertas por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico: <a href="mailto:galp.mar.marinaortegal@xunta.gal">galp.mar.marinaortegal@xunta.gal</a></p> <p>Deberase presentar un total de <b>dous sobres pechados</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Sobre A: “Documentación xeral”.</li> <li>-Sobre C: “Criterios avaliábles de forma automática”</li> </ul> <p><u>*No exterior dos mesmos debe indicarse:</u></p> <p>Tipo de sobre: A ou C</p> <p>Licitación: <b>GALP1-F-007/2023- Servizo de perito independente para valoración de proxectos de construción</b></p> <p>Nome e apelidos da entidade licitante</p> <p>Sinatura do licitador/persoa que o represente.</p> <p><i>Non se admitirán ofertas presentadas por outros medios.</i></p>
<p><b>Prazo de presentación</b></p>	<p>O prazo máximo para a presentación de ofertas é de <b>5 días hábiles</b> contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de licitación na páxina web: <a href="https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions">https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions</a></p> <p>Se o último día de presentación coincide en sábado ou día inhábil, o prazo de presentación rematará o primeiro día hábil seguinte.</p> <p><i>Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.</i></p>



<p><b>Forma de presentación</b></p>	<p>A documentación necesaria e preceptiva presentarse en dous sobres pechados:</p> <p><b><u>SOBRE A</u> (identificando no seu exterior como “SOBRE A”) *:</b></p> <p><b>Anexo I</b> – Datos do licitador</p> <p><b>Anexo II</b> de declaración responsable do licitador</p> <p><b>Anexo III</b> de declaración xurada de cumprimento de requisitos</p> <p><b>(*) Xunto co sobre A, debe aportarse a documentación acreditativa do cumprimento</b></p> <p><b><u>SOBRE C</u> (identificando no seu exterior como “SOBRE C”):</b></p> <p><b>Anexo IV</b> - Oferta económica</p> <p>A inclusión no <b>SOBRE A</b> de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.</p> <p>As ofertas presentadas, e <b>toda a documentación preceptiva</b>, deberán vir <b>asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante</b>, debendo figurar unha folla independente na que se relacione o contido da oferta que se presenta (<b><u>índice numerado do contido dos documentos que se presentan / documentación anexa</u></b>).</p> <p><i>Non se admitirán ofertas que conteñan erros na súa forma de presentación.</i></p>
-------------------------------------	---

## 8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a **Comisión de contratación** reunirse en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao **SOBRE A**, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.

A Comisión de contratación, unha vez cualificada a documentación do **SOBRE A** e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o **acordo de admisión definitiva** das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houberse.

A continuación, procederase, no lugar, día e hora sinalados no portal web <https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions-> á apertura, en acto público, do **SOBRE C** das persoas ou entidades licitantes admitidas.



<b>Descrición</b>	Apertura pública do SOBRE C.
<b>Lugar</b>	Sede do GALP A Mariña-Ortegal : Rúa Misericordia, nº 35, baixo. Viveiro (Lugo)
<b>Data e hora</b>	Publicarase na páxina web: <a href="https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions">https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions</a> a data e a hora da apertura do Sobre C, cun mínimo de 48 horas de antelación.

Atendendo a puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de contratación emitirá a proposta de contratación a favor da persoa ou entidade licitante coa puntuación máis alta, a cal presenta a oferta máis vantaxosa de acordo cos criterios de adxudicación.

## 9. EXECUCIÓN DO CONTRATO

### PRAZO DE EXECUCIÓN:

<b>Prazo de execución</b>	Dende outubro de 2023 ata o 31 de decembro de 2026
<b>Prórrogas</b>	Non se admite prórroga do contrato.

### CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO:

Segundo o especificado no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e dentro do prazo de execución especificado no apartado anterior.

### MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non hai

### ADMISIÓN DE VARIANTES E/OU MELLORAS

No se admiten variantes nin melloras do servizo prestado.

### PAGAMENTO DO PREZO





Os pagamentos serán abonados por transferencia bancaria, unha vez realizados os informes correspondentes ao período de referencia (solicitude ou xustificación) e sempre dentro da anualidade correspondente ( ata o 31 de decembro de cada ano)

O pago realizarase previa presentación da factura correspondente, estando supeditado a dispoñibilidade de crédito por parte do GALP A Mariña-Ortegal. Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.

#### CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O GALP A Mariña-Ortegal poderá acordar a disolución do contrato, no caso de que concorra algunha das seguintes causas:

- O mutuo acordo entre o GALP A Mariña-Ortegal e o contratista.
- A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- A demora no cumprimento dos prazos establecidos e das entregas acordadas segundo o especificado no PPT e/ou no PCAP e as Ordes de convocatoria correspondentes.
- O incumprimento da obriga principal do contrato ou das restantes obrigas descritas nos pregos por parte da persoa ou entidade contratista.
- A declaración incompleta ou falsa sobre os requisitos de solvencia e capacitación técnica que, no seu caso, sexan esixidos polo órgano de contratación (Galp A Mariña-Ortegal).

#### **10. PUBLICIDADE**

O Anuncio de licitación será publicado na páxina web: <https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions>.

#### **11. ANEXOS :**





## 11.1 ANEXO I- Datos do licitador

### ANEXO I-DATOS DE CONTACTO DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

(A incluír no SOBRE A)

**Expediente:** GALP1-F-007/2023

**Asunto:** SERVIZO DE PERITO INDEPENDENTE PARA VALORACIÓN DE PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN PRESENTADOS AO ABEIRO DAS ORDES DE CONVOCATORIA PUBLICADAS DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP), APROBADAS AOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP) NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA 2021-2027

<b>Nome da persoa ou entidade licitante</b>	
<b>Nome da persoa representante legal</b>	
<b>Nome da persoa responsable e de contacto aos efectos da licitación</b>	
<b>Dirección postal</b>	
<b>Teléfono de contacto</b>	
<b>Dirección de correo electrónico a afectos de notificacións</b>	

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

Data e sinatura da persoa ou responsable legal da entidade licitante





## 11.2 ANEXO II- Declaración Responsable

### ANEXO II

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A LICITADOR/A (A incluír no SOBRE A)

#### CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

#### OBXECTO DO CONTRATO: SERVIZO DE PERITO INDEPENDENTE PARA VALORACIÓN DE PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN (COD. GALP1-F-007/2023)

D. /Dna.....,con DNI número..... actuando en calidade de representante legal da entidade mercantil ou en nome propio(o que proceda)..... con NIF número....., con domicilio social.....teléfono..... correo electrónico.....aos efectos de notificación,

#### DECLARA en representación da empresa

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións publicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese a xurisdición española polas contingencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións e

---

Sexto.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2023

Data e sinatura do licitador





### 11.3 ANEXO III- Declaración xurada

#### ANEXO III

#### DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS DO/A LICITADOR/A

(A incluír no SOBRE A)

#### CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

**OBJECTO DO CONTRATO: SERVIZO DE PERITO INDEPENDENTE PARA PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN.**

(COD. GALP1-F-007/2023)

D. /Dña.....,con DNI número..... actuando en calidade de representante legal da entidade mercantil ou en nome propio (o que proceda).....con NIF número....., con domicilio social.....teléfono.....,correo electrónico aos efectos de notificación: .....

#### DECLARA en representación da empresa

Primeiro.- Que a empresa cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de prescricións técnicas (PPTP) e administrativas (PCAP) para a licitación indicada neste Anexo III

Segundo.- Comprométese a acreditar, ante o GALP A Mariña-Ortegal, posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado, tal e como se indica nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas

Terceiro.- Esta declaración xurada será incorporada no SOBRE A da oferta presentada para a licitación correspondente.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2023

Data e sinatura do licitador





#### 11.4 ANEXO IV- Modelo de oferta económica

### ANEXO IV

## OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

(A incluír no SOBRE C)

### CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

**OBXECTO DO CONTRATO:** SERVIZO DE PERITO INDEPENDENTE PARA PROXECTOS DE CONSTRUCCION  
(COD. GALP1-F-007/2023)

### DATOS DO DECLARANTE:

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_  
NIF: \_\_\_\_\_  
Teléfono: \_\_\_\_\_  
Correo electrónico para notificacións: \_\_\_\_\_  
Enderezo postal para notificacións: \_\_\_\_\_  
Entidade mercantil que representa (no seu caso): \_\_\_\_\_  
NIF da entidade: \_\_\_\_\_  
Cargo: \_\_\_\_\_

### MANIFESTA:

Que, coñecidos os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que deben rexer a contratación referida, e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos, nas seguintes condicións:

### OFERTA ECONÓMICA :

(Debe indicarse o importe unitario por tipo de proxecto para todo o período -de outubro de 2023 ata o 31 de decembro de 2026)

<b>INFORMES PREVIOS</b>	Importe (en número)	Importe (en letra)
Importe ofertado unitario (Sen IVE)		
IVE		





Total unidad (Con IVE)		
------------------------	--	--

<b>INFORMES FINAIS</b>	Importe (en número)	Importe (en letra)
Importe ofertado unitario (Sen IVE)		
IVE		
Total unidad (Con IVE)		

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2023

Data e sinatura do licitador





## PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP)

### 1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

O GALP A Mariña-Ortegal é unha entidade sen ánimo de lucro que foi recoñecida como entidade colaboradora da Consellería do Mar para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, segundo Convenio de Colaboración asinado o 9 de xaneiro de 2023. Está integrada por un total de 52 socios e abrangue un total de 13 Concellos: Valdoviño, Cedeira, Cariño, Ortigueira, Mañón, O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros e Ribadeo.

Actualmente o GALP A Mariña-Ortegal dispón da sede social e fiscal en Viveiro (Lugo) cun único centro de traballo e un traballador a xornada completa, sendo o número máximo de empregados para o servizo obxecto da contratación de 3 traballadores.

No Convenio de colaboración asinado, establécese na cláusula décimo oitava o marco regulador do réxime de contratación do GALP A Mariña-Ortegal. De acordo con esta cláusula, a contratación de asistencias técnicas, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP A Mariña-Ortegal pertencentes aos gastos de funcionamento e animación, realizarase “segundo os principios de liberdade, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e eficiencia”, conforme a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), dada a súa condición de entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control de fondos públicos. Asemade, o GALP A Mariña-Ortegal terá en conta as instrucións que emita o Organismo Intermedio de Xestión (en adiante, OIX).

Na data do 22 de xuño de 2023, a Consellería do Mar comunicou ao GALP A Mariña-Ortegal a **Instrución nº 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro** (dispoñible en: <https://galp.xunta.gal/normativa>), na que se definen diferentes procedementos de contratación a aplicar por estes, en función das características da contratación e o seu importe.

#### NECESIDADE DA CONTRATACIÓN:

Garantir o cumprimento da necesidade do servizo de perito independente, para valoración previa e de obra, de proxectos de construción con orzamento total de execución superiores a 100.000 €, presentados actualmente ao abeiro da Orde do 14 de





setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023, segundo o establecido nos seus artigos 19.7 (valoración previa) e 23.4 (valoración de obra ou proxecto) e nas convocatorias seguintes das anualidades 2024, 2025 e 2026.

Esta labor necesita de persoal especializado, perito independente, medios humanos dos que o Galp A Mariña-Ortegal non dispón, e que normativa exige debe ter carácter independente e que por razóns de eficiencia e eficacia administrativa é necesario contratar externamente.

## 2. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR.

O obxecto do contrato é contratación para a prestación do servizo de peritaxe independente para valoración de proxectos de construción presentados ao abeiro das ordes de convocatoria publicadas das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do fondo europeo marítimo, de pesca e de acuicultura 2021-2027.

As finalidades de dito traballo, consonte a Orde do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023, no seu artigo 19.7 establece que: “No caso de proxectos de obras con orzamento total de execución superior a 100.000 €, o GALP deberá solicitar unha valoración previa por perito independente”. E no seu artigo 23.4 establece o seguinte: “O GALP, no caso de proxectos de construción con orzamento total de execución superior a 100.000 €” (..) “realizará unha valoración da obra ou proxecto executado por perito independente”. Tendo en conta o anterior, a finalidade é cumprir coa normativa establecida nas ordes





de convocatoria con respecto ás valoracións de proxectos de obras de orzamento superior a 100.000,00.-€.

### **3. ESPECIFICACIÓNS E ALCANCE DO SERVIZO A DESENVOLVER.**

Conforme o especificado no artigo 19.7 e 23.4 da Orde do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023, así no contemplado nas seguintes ordes de convocatoria, o servizo a realizar será:

A Elaboración de informe de valoración previa por perito independente, por cada un dos proxectos de obra, con orzamento total de execución superior a 100.000 €, que presentan solicitude de axuda ao abeiro da Orde de Axudas publicada das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do fondo europeo marítimo, de pesca e de acuicultura 2021-2027 (FEMPA) en cada unha das convocatorias, nun prazo non superior a 5 días dende o envío do proxecto técnico obxecto de valoración por parte do Galp e sempre con anterioridade á finalización do prazo para entrega ante a Consellería do Mar. O informe debe cumprir os requisitos exixidos na Orde e verificará como mínimo as medicións, prezos e se estes se axustan aos prezos de mercado, indicando o resumo de capítulos de proxecto e valoración individualizada.

Elaboración dun informe de valoración de obra por perito independente, por cada xustificación de obra, de proxectos con orzamento total de execución superior a 100.000 €, que foron subvencionados ao abeiro da Orde de Axudas publicada das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do fondo europeo marítimo, de pesca e de acuicultura 2021-2027 (FEMPA) en cada unha das convocatorias, nun prazo non superior a 7 días e sempre con anterioridade á finalización do prazo para entrega ante a Consellería do Mar, dende o envío por parte do Galp da certificación de obra obxecto





de valoración e documentación xustificativa da mesma, previa a verificación in situ da obra executada. O informe debe cumprir os requisitos esixidos na citada Orde e verificará como mínimo as medicións, prezos e se estes se axustan aos prezos de mercado de cada obra executada, indicando o resumo de capítulos de proxecto e valoración individualizada. Realizarase unha visita de inspección física, que será realizada no prazo máximo de 5 días dende a comunicación do Galp.

No caso de detectarse posibles erros ou incidencias posteriores á elaboración do informe por perito independente, serán comunicadas ao mesmo, que debe salvaguardar para iso a maior dilixencia e a máxima eficacia posible respecto diso e resolver ou emendar nun prazo non superior a 24 horas, salvo causa xustificada.

#### 4. FUNCÍONS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

A prestación do servizo está suxeita ás seguintes función e obrigas:

- A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- A persoa ou entidade adxudicataria non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP A Mariña-Ortegal para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra.
- A persoa ou entidade adxudicataria non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP A Mariña-Ortegal. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.
- A persoa ou entidade adxudicataria deberá cumprir todas as obrigas que lle corresponden relativos ao exercicio das súas actividades empresariais, así como aquelas de carácter laboral en relación aos seus empregados, incluídas as de previsión, seguridade social, etc.
- A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en todo o que sexa de aplicación ao presente contrato, conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.





## 5. PRAZO E EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN

A duración do contrato será dende outubro de 2023 ata o 31 de decembro de 2026 .

Os presentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) foron aprobados polo órgano encargado de aprobar os pregos de contratacións do GALP A Mariña-Ortegal (órgano delegado da Xunta Directiva do GALP A Mariña-Ortegal) .

### **O PRESENTE DOCUMENTO É COPIA FIEL DO ORIXINAL**

En Viveiro a 06 de outubro de 2023

Asdo: D. Jesús Fernández Fernández  
Secretario do GALP A Mariña-Ortegal

Asdo: D. Javier Martínez Otero  
Presidente do Galp A Mariña-Ortegal

